Dozón Turismo

dozonturismo.gal

# CRUCEIRO DE IGREXA I

Cruceiro situado dentro dunha propiedade privada, en perfectas condicións.

Componse dunha base cadrada sobre plataforma en forma de grada, fuste listo octogonal con extremos cadrados e capitel moldurado sen decoración. Sobre el sitúase unha cruz peculiar porque os seus brazos ábrense nos extremos formando unha cruz ancorada, chamada así porque lembra ás áncoras, símbolos da esperanza na vida eterna. Por iso é habitual encontralas próximas a cemiterios, neste caso, no contorno da igrexa parroquial de Sixto. A tradición di tamen que as usaban os primeiros cristiáns porque se diferenciaba da cruz latina e así podíana venerar sen medo a ser perseguidos.




XUNTA DE GALICIA galicia Xacobeo 21·22 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN FEADER Europa inviste no rural LEADER agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL